


Día Mundial das Docentes



O 5 de outubro celébrase anualmente o Día Mundial dos e das Docentes desde o ano 1994. Conmemórase, así mesmo, o aniversario da Subscrición da Recomendación da OIT e a UNESCO relativa á situación do Persoal Docente(1966).

Ao longo da historia, as docentes pasaron momentos difíciles pola dureza da realidade na que vivían, en centros situados en vellos edificios, pobos illados, con escasos materiais. Pero a vocación das docentes fixo posible que as aulas se convertesen en lugares agradables para ensinar e aprender. A superación de tantos obstáculos brindoulles a oportunidade de ter un traballo remunerado e, por tanto, unha independencia económica. A pesar de todo, as docentes seguiron coa crianza e os labores de casa. O ensino na infancia considerouse como unha prolongación da maternidade, de maneira que a crianza trasládase á escola con roles de amabilidade. En definitiva, exerceuse o rol de nais máis que de profesionais. Este argumento podería ser a base da orixe da feminización da docencia. Outras teorías, en cambio, fundaméntanse no desprestixio desta profesión por parte do home, xa que está relacionada co ámbito social, principalmente en educación.

En 1857, a lexislación da Lei Moyano suxeriu a idea por primeira vez en España do dereito ás nenas a unha educación formal, na que se contemplase unha educación diferente para nenas e nenos. A República si que dignificou ás docentes, porque as valorou e potenciou o seu traballo, creatividade e imaxinación. Ademais, as mestras mostraron unha gran preocupación por unha formación adecuada ás alumnas, carente ata o momento. Por outra banda, a entrada da muller á universidade permite un status social que non podiamos imaxinar fai máis dun século. Despois da década dos 70, o número de mulleres docentes foi en aumento e souberon adaptarse con novas metodoloxías aos novos retos que esixe a sociedade actual, marcada pola globalización, a inmigración, a educación en valores, o feminismo. Segundo o último informe do INE de 2021, o 67,2% de docentes son mulleres. Fontes como as do Réxime Xeral Non Universitario indican que elas alcanzan o 72,4%. A máxima presenza de mulleres dáse en Educación Infantil e corresponde a un 97,6%, mentres que nos ensinos deportivos a porcentaxe é de 15,6%. Son datos que confirman que a pesar de que a muller participa cada vez máis no campo deportivo, aínda non houbo unha equiparación co home. No ensino Universitario esta cifra elévase ao 43,3%.



A docencia ten que ser exercida con propiedade, humildade, vontade e compromiso para que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa un éxito e contribúa á formación autorreflexiva de todas as persoas coa intención de crear sociedades máis xustas e humanas. A profesión docente ten que pasar por un proceso de dignificación, necesaria para a mellora da vida das persoas, con pensamento crítico, impartindo unha formación que nos faga felices, respectuosas co medio ambiente e respectuosas coas persoas. A dignificación da docencia é a clave para o éxito persoal das e dos docentes.

Investir en educación pública é asegurarnos os principios de liberdade, igualdade, solidariedade, accesibilidade, respecto e non discriminación. Lograr unha educación de calidade é tarefa de todas e todos. A docencia é a ferramenta para o cambio social. Neste día, 5 de outubro, non só lembramos a necesidade da profesión docente, senón que tamén pedimos aos países que traballen para que a educación sexa un dereito para todas as nenas

